

## SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NA XIV FEIRA RURAL DE SAN SADURNIÑO

### DATOS DA PERSOA/EMPRESA PARTICIPANTE

CIF/NIF:	Nome e apelidos/Razón social:
Enderezo completo:	
Teléfonos:	Correo electrónico:

### MODALIDADE. (Marque o cadro/os que proceda)

<input type="checkbox"/> Produtor/a	<input type="checkbox"/> Artesá/n
<input type="checkbox"/> Venda directa de produtos primarios. Nº CÓDIGO REAGA:	<input type="checkbox"/> Viveiro (horta, xardín, flor, froiteiras...)
<input type="checkbox"/> Venda de produtos agrarios ecolóxicos. Nº de rexistro CRAEGA:	<input type="checkbox"/> Segunda man e/ou troco
<input type="checkbox"/> Maquinaria Agrícola	<input type="checkbox"/> Outro (especificar):

### DATOS DO POSTO

Metros de frontal que solicita:	Metros cadrados totais que precisa:
<input type="checkbox"/> Solicito que o Concello me instale un punto de corrente	
Detalle do produto ou produtos á venda:	
Observacións:	

A persoa/entidade asinante **SOLICITA** a súa participación na Feira Rural de San Sadurniño do 26/08/2023, e **ACEPTA as normas** de participación reflectidas no reverso deste documento, así como cumprir e controlar o cumprimento das diferentes medidas de prevención decretadas pola Consellería de Sanidade.

A persoa/entidade asinante **DECLARA RESPONSABLEMENTE** coñecer as normas ás que se axusta a súa actividade e manifesta a súa vontade de cumprilas, reunindo as condicións esixidas pola normativa reguladora da súa actividade (como poden ser formación, seguros, acreditacións, obrigas tributarias e de afiliación etc.). Ademais, **COMPROMÉTESE** a facilitar ao Concello de San Sadurniño calquera documentación que lle sexa obrigatoria para o exercicio da súa actividade. A non disposición da devandita documentación será causa da nulidade da autorización para a participación na Feira Rural. Por último, **AUTORIZA** ao Concello de San Sadurniño a solicitar a outras Administracións Públicas a documentación precisa para comprobar a veracidade da información facilitada.

_____, a __ de _____ de 2023	Asina:
------------------------------	--------

### CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, con enderezo no Casal, 16, 15560 San Sadurniño; correo@sansadurnino.gal. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo. LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo. DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO non cederá os seus datos de carácter persoal. DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

## NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1. Esta solicitude está pendente de admisión. No caso de ser aceptada a persoa/entidade solicitante fica suxeita ás seguintes normas de participación.
2. O Concello de San Sadurniño asume en exclusiva a competencia de ordenación e control da Feira, incluíndo a aceptación das solicitudes, a delimitación de zonas e a distribución dos postos.
3. A **DATA LÍMITE DE SOLICITUDES é o 21 de agosto de 2023.**
4. A publicación da **LISTAXE DAS SOLICITUDES ADMITIDAS** será o **24 de agosto de 2023**, na páxina web do Concello ([www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal))
5. As **solicitudes** poderán ser presentadas empregando algún dos seguintes medios:
  - Presentación no Rexistro municipal, na Casa do Concello
  - Por correo postal: Concello de San Sadurniño, O Casal, 16, 15560 San Sadurniño
  - Pola sede electrónica do Concello de San Sadurniño
6. A organización resérvase o dereito de modificar o que considere oportuno.

### Organización da Feira Rural:

- O Concello encárgase da organización da feira e é o responsable de situar ás persoas/empresas participantes nos lugares que se lles indique. Os postos poderán solicitar un **máximo de 15 metros** lineais, agás **viveiros** e **maquinaria agrícola** que poderán solicitar un **máximo de 20 metros**. Neste senso, os metros poderán ser modificados en función do número de solicitudes.
- As persoas/empresas participantes estarán obrigadas a manteren o seu posto en condicións de hixiene e orde, e a recolleren os residuos que xere a súa actividade.
- As persoas ou empresas participantes na feira deberán traer o mobiliario necesario para instalaren o seu posto (mesas, jaima, balanza con batería,...).
- En caso de discrepancias, poderán presentarse as correspondentes reclamacións por escrito no Rexistro.
- O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2014 ENTROU EN VIGOR O DECRETO POLO QUE SE REGULAN EN GALICIA AS CONDICIÓN DE VENDA DIRECTA DOS PRODUCTOS PRIMARIOS DESDE AS EXPLOTACIÓNS AO CONSUMIDOR FINAL. As persoas que teñan postos de venda de produtos primarios deberán de cumprir coas normas que establece o **Decreto 125/2014**, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos ditos produtos desde as explotacións á persoa consumidora final.
- Ás persoas ou entidades que non cumpran coas normas aquí establecidas o Concello poderá denegar a súa participación en próximas feiras que se organicen.

### Acceso dos postos ao recinto da feira:

- Accederase por orde de numeración. Neste senso cada posto terá asignado un número e unha hora determinada de entrada ó espazo da feira
- Os postos que non entren á hora sinalada terán que esperar fóra do recinto ata o final.
- A partir das 10:15 horas non se permitirá o acceso de ningún posto.
- Non se poderá deixar o coche no espazo habilitado para a feira, agás os autorizados.
- Non se poderá de desmontar antes das 20:00 horas. Para desmontar primeiro desmóntase o posto, e logo métese o vehículo para cargar o material.

### Taxa por participar:

Para cubrir unha parte dos gastos de organización, será preciso pagar as seguintes cotas de participación:

- Cota para postos que soliciten entre 1 e 5 mts frontais x 5 mts de fondo: 5,00 €, con toma de corrente 8,00 €.
- Cota para postos que soliciten entre 6 e 15 mts frontais x 6 mts de fondo: 15,00 €, con toma de corrente 18,00 €.
- Cota para postos que soliciten entre 16 e 20 mts frontais x 10 mts de fondo: 25,00 €, con toma de corrente 28,00 €.
- Cota cero: 0,00 €, para as entidades expositoras sen fin de lucro (1 a 5 mts frontais x 5 de fondo).

As cotas deberán ser aboadas con anterioridade, ben presencialmente nas oficinas do Concello (pago por TPV) ou por transferencia bancaria, na conta: **ES74/2080/0208/0131/1000/0059** (Concepto: Inscrición Feira Rural e nome)

O día da feira haberá que presentar o xustificante de ingreso para acceder á feira.

### Para máis información:

☎ 981490027

☎ 616332919

☎ 981490474

✉ [agustin.perez@sansadurnino.gal](mailto:agustin.perez@sansadurnino.gal)